

KIT SUPERVIVENCIA LECTORA

1º ESO CURSO 21/22

1. Este ficheiro é o guión para o todo o profesorado de 1º ESO.
NON LEVES AS FOTOCOPIAS DO FICHEIRO, POR FAVOR.
REVISA O TEU CORREO EDU.XUNTA.GAL.
2. Terás o mesmo material en arquivos no teu correo electrónico para poder imprimir o que precises. Todos os textos aparecerán co nome e a orde deste ficheiro.
3. Os textos elexidos para as asignaturas son para facilitar a primeira toma de contacto.
PODES ELEXIR OUTROS SEN PROBLEMA.
4. O obxectivo deste plan é practicar a lectura a comezo de curso. As 10 “actividades tipo” plantexadas son para traballar con cada un dos textos.
O IMPORTANTE NESTE MOMENTO É LER, NON O TEMA.


;)

Dpto. Orientación. IES O Couto



IES O COUTO

KIT SUPERVIVENCIA LECTORA



Declaración de intencións do "Kit"

Cans@s de repetir cada curso que o problema principal que atopamos nas nosas aulas é que "o alumnado non entende o que está lendo" imos comezar este curso de xeito diferente.

Paremos a maquinaria sen excusas uns días e fagamos iso: l

Ler.

Entender.

É o único xeito de aprender.



IES O COUTO

IES O COUTO V-ESO

ACTIVIDADES TIPO

ACTIVIDADE 1: RESPIRACIÓN CONSCIENTE

Antes do inicio de cada sesión, para a clase durante 1 minuto.

Segue as indicacións do cadro.

Indica cun sinal auditivo o remate do minuto de respiración consciente.

Xo



Crea un momento de soldade.

Séntate.

Coloca as pernas en posición relaxada pero fixa.

Endereita as costas.

Pon un reloxo-cronómetro para 1 MINUTO EXACTO.

Coloca as mans en posición relaxada pero fixa.

Pecha os ollos.

Deixa que a túa mente se centre na túa RESPIRACIÓN.

Cando soe o reloxo-cronómetro, detente.

Martin Boronson: RESPIRA. Relax para personas ajetreadas. Edit. Urano






Actividade 2:

lectura

individual

Escolle o texto relacionado coa materia que impartes ou algún semellante que che resulte motivador

1. Imos fixarnos nos detalles: fotos, debuxos, título, subapartados...
2. "Sobrevoar" o texto: fixarnos en palabras que nos chamen a atención.
3. Primeira lectura individual facendo paradas.
4. Invita ó alumnado a imaxinar que son unha pila: cando rematen de ler un párrafo, parar e pensar canto estiven de atent@ e marcar ó lado con + ? -




Actividade 3:

~~Lectura~~ grupal

Xogo de atención: cada alumn@ ten un número. Elixen números á azar para que lean en voz alta, incrementando pouco a pouco a velocidade no cambio de lector@s.

Se alguén non le ou se equivoca de número, hai que volver a empezar.





Actividade 4: ~~O papel~~ amigo

Nunha nova lectura individual, invita ó alumnado a anotar as palabras que non entenda

Entre tod@s e coa túa axuda, imos explicando en alto as dúbidas que xurdan, completando o papel amigo coas súas palabras

Actividade 5: O meu cerebro de reposto

Nun segundo papel, cada alumn@ busca a ideas principais expresadas co seu vocabulario e as anota. Tamén posibles ideas relacionadas que se lle vefían á cabeza mentres anota.
AS COMENTAMOS EN ALTO E
COMPARTIMOS COINCIDENCIAS E
DIFERENCIAS



W



Actividade 6: Somos detectives




Imaxinemos que
queremos investigar e
que o propio texto é un
personaxe imaxinario a
quen preguntar:

- . A quen lle estou preguntando?
- . Que quere contarme?
- . Cal é a orde do que pasa no texto?
- . Que pasou primeiro?
- . E ó final?



Actividade 7: Por qué, por qué...



Agora nos imaxinamos como científic@s nun laboratorio...




Cal é a CAUSA do que pasa no texto?

E as CONSECUCENCIAS?

Podería CLASIFICAR este texto dalgún xeito?

Actividade 8: Carteis de Neón

Agora imos ir por partes,
buscando un titular para cada
párrafo do texto, sempre que
sexa posible. Faremos lectura en
alto das propostas dos "Carteis"
creados.




Actividade 9: O Plan Preguntas

Agora as preguntas as creamos
nós, de tres tipos:
Literais (resposta no texto)
Interpretativas (resposta
baseada no texto)
Críticas (resposta reflexionada
sobre o texto: opinión)

Actividade 10: Eu che explico...

Por parellas, cada alumn@ lle
explica verbalmente ó/á
compañeir@ un párrafo do texto,
tentando que sexa coas súas
palabras. Van turnándose en
párrafos e explicacións.



IES O COUTO

Tips a ter en conta

PROPOSTA DIDÁCTICA



1. Marcar tempo para as actividades! Tedes 5 minutos para...
2. Permitir que o alumnado fale cando levante a man. As propostas deben ser escoitadas por tod@s.
3. Se alguén ten dificultades, mediar para que poida participar ó seu nivel.
4. Valorar as mostras de respecto entre compañeir@s cando se compartan a información en alto. Felicitar a quen o fai.
5. Se non é posible facer as 10 actividades nunha sesión, retomárase co mesmo texto na seguinte clase da túa materia.
6. O máis importante é a intervención do grupo, non os erros que poida haber.
7. Tódalas materias teñen proposta de textos para traballar. En todas é preciso entender que vai primeiro, que vai despois... Temos algo en común que impide que o noso alumnado avance, polo que nuns días o abordaremos tamén cunha estratexia en común.

OBJETIVO LER E ENTENDER



Esta é unha proposta nova no centro, mellorable entre tod@s. Anota as túas observacións e fainas chegar ó Dpto. de Orientación.
Moitas grazas por colaborar.